



### CONCELLOS

#### GUITIRIZ

##### Anuncio

### RESOLUCION MODIFICACIÓN SUSTANCIAL DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DE CARÁCTER COLECTIVO DAS TRABALLADORAS DO SAF. EXP. 632/2024.

#### Resolución 2024-1014 de data 13/12/2024 na que se resolve o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Analizada a documentación, todas as propostas presentadas e tendo en conta o informe do servizo de axuda no fogar, DESESTIMAR a proposta presentada polos sindicatos - traballadoras, en base a argumentación exposta pola Sr.Alcadesa na reunión da comisión negociadora 6/11/2024, que se resume en que o contrario implicaría adoptar un acordo que descoñecería a realidade do servizo e sería contrario ao principio de eficiencia no gasto público.

**SEGUNDO.-** Proceder á modificación sustancial das condicións de traballo consistente en compensación de horas realizadas, que superen o cómputo horario polas traballadoras de axuda no fogar, por motivos organizativos e de eficiencia no gasto público, así como prestación nas mellores condicións do servizo de axuda no fogar.

O persoal laboral deste Concello afectado pola modificación sustancial das condicións de traballo é o seguinte: auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar, incluídas na ficha 29 da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Guitiriz.

**TERCEIRO.-** De conformidade cos motivos expostos no apartado anterior e de conformidade coas reunións mantidas ao efecto, o informe das traballadoras sociais,a argumentación exposta pola Sr. Alcadesa na reunión da comisión negociadora 6/11/2024, a xornada de traballo, horario e distribución do tempo de traballo, así como remuneracións reguladas no Convenio Colectivo, quedan establecidas da seguinte maneira:

- Xornada ordinaria de traballo: de luns a sábado.
- Horas semanais: 35h.
- Horas traballadas en domingos e festivos serán aboadas como horas extraordinarias realizadas fora da xornada ordinaria de traballo e serán aboadas como si fosen dúas horas.
- Cómputo de horas: mensual.
- Exceso de horas traballadas de luns a sábado, serán compensadas dentro dos dous meses naturais seguintes á súa realización, si pasado ese tempo non se puideran compensar con horas libres, serán aboadas como horas extraordinarias realizadas dentro da súa xornada ordinaria.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, con indicación dos recursos pertinentes.

**QUINTO.-** Remitir esta resolución o departamento de persoal, a Tesourería e Intervención, aos efectos oportunos e dar conta o pleno, na próxima sesión que se celebre.

Guitiriz, 13 de Xaneiro de 2025.- A Alcadesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 0088

### O INCIO

#### Anuncio

Iniciado expediente de investigación por acordo plenario de data 30/12/2024, para investigar a titularidade do camiño cuxos datos identificativos catastrais se detallan a continuación, de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais,

publícase o presente acordo polo prazo de quince (15) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio na sede electrónica deste Concello (<https://concelloinicio.sedelectronica.gal/>).

<b>Ben:</b>	Camiño
<b>Ref. catastral:</b>	27024A002090130000DR

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Transcurrido o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello (<https://concelloinicio.sedelectronica.gal/board>), poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito, acompañando todos os documentos nos que funden as súas alegacións (art. 50 do RD 1372/1986, do 13 de xuño).

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

O Incio, 8 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0089

## LUGO

### Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo de aprobación definitiva do “Proxecto de obras ordinarias para a execución da parte da vía de nova apertura lateral por cesión de terreo na parcela catastral 6770905PH1667S0001RJ incluíndo o encontro coa av. Benigno Rivera”, adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2024, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

“PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente, de conformidade co establecido no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 11.7 do tomo II. “Normativa urbanística” do PXOM vixente o “Proxecto de obras ordinarias para a execución da parte da vía de nova apertura lateral por cesión de terreo na parcela catastral 6770905PH1667S0001RJ incluíndo o encontro coa av. Benigno Rivera”, promovido pola entidade mercantil “PROMOCIONES FERNUMA, S.L.”, representada por don Carlos Ferreiro Janeiro, cun presuposto de execución material de 48.250,00 €, de conformidade cos informes emitidos polos servizos municipais de Arquitectura do 20 de abril de 2020, de Arqueoloxía do 28 de setembro de 2022 e de Enxeñería do 9 de outubro de 2023, que figuran no expediente, e que se dan por reproducidos para os efectos de motivación deste acordo.

SEGUNDO.- Determínanse como condicionantes da aprobación deste proxecto, que deberán ser cumpridos polo interesado durante a execución das referidas obras, os descritos no informe do Servizo Municipal de Enxeñería emitido o 9 de outubro de 2023 e, así mesmo, os seguintes:

- O prazo de execución deste proxecto será de 6 MESES, contados dende a notificación da súa aprobación definitiva.
- Determínase como período de garantía das obras que se executen ao abeiro deste proxecto o dun ano, contado dende a recepción polo Concello destas.
- Deberá comunicárselles o inicio das obras ao Servizo de Enxeñería Municipal, así como á Policía Local, para o oportuno seguimento delas.
- Requiririlles aos interesados para que unha vez aprobado definitivamente o devandito proxecto presenten neste Concello, con carácter previo ao inicio das obras, fianza polo importe de 4.825,00 €, correspondente ao 10 % do presuposto de execución material, que ascende á cantidade de 48.250,00, de conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 230 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do “Proxecto de obras ordinarias para a execución da parte da vía de nova apertura lateral por cesión de terreo na parcela catastral 6770905PH1667S0001RJ incluíndo o encontro coa av. Benigno Rivera”, no BOP de Lugo, e isto en virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia.

CUARTO.- Notificarlles esta resolución aos interesados para o seu coñecemento e oportunos efectos.

Lugo, 14 de xaneiro de 2025.- A Alcadesa. P.D. O Director Xeral de Urbanismo, don Hipólito Pérez Novo (Decreto 1727/2024, do 27 de febreiro).

R. 0090

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0002 de data do 10.01.2025, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de decembro de 2024 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 15,85 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 173,15 €.

Por medio do presente expone ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 14 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0091

## PANTÓN

### *Anuncio*

EDICTO.

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E A RESERVA DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS DE CALQUERA CLASE CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2024.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 09.01.2025, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de entrada de vehículos a través de beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorias de calquera clase correspondente á anualidade 2024, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

- Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

- En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expone ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de entrada de vehículos a través de beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorias de calquera clase correspondente á anualidade 2024.

- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.01.2025 ao 15.03.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 31.01.2025
  - Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
  - Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
  - Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10:00 ás 14:00 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62
- Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0092

### *Anuncio*

EDICTO.

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2024.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 09.01.2025, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2024, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

- Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interperse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

- En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.01.2025 ao 14.03.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 31.01.2025
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0093

### *Anuncio*

EDICTO.

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO RURAL CORRESPONDIENTE AO SEGUNDO SEMESTRE DE 2024.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 09.01.2025, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de recollida de lixo rural correspondente ao segundo semestre de 2024, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de recollida de lixo rural correspondente ao primeiro semestre de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.01.2025 ao 14.03.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 31.01.2025
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0094

**QUIROGA***Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2024.

**SEGUNDO.-** A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

**TERCEIRO.-** Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende, a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

**CUARTO.-** A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 2 de xaneiro de 2025.- O alcalde-presidente, José Luis Rivera Castro.

R. 0095

**RIBADEO***Anuncio*

**Resolución de Alcaldía núm. 2025-0009 de data 9 de xaneiro de 2025 do Concello de Ribadeo pola que se nomea funcionario en prácticas.**

Identidade	DNI
Alberto DÍAZ LÓPEZ	***8728***

**Características da praza:**

Servizo/Dependencia	Policia Local
Ide. Posto	0202/RPT
Denominación do posto	Axente Policia Local
Natureza	Funcionario en prácticas
Nomeamento	09/01/2025
Escala	Administración Especial
Subescala	Servicios Especiais. Policía Local
Clase/Especialidade	Axente
Grupo/Subgrupo	C/C1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 9 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0096

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO SECCIÓN CUARTA

#### Anuncio

**Procedimiento:** PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015224 /2023 /

**Sobre** HACIENDA MUNICIPAL Y PROVINCIAL

**De D/ña.** RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU

**Abogado:** MANUEL ENRIQUE DE VICENTE-TUTOR RODRIGUEZ

**Procurador:** AMALIA MOSQUERA HERRERO

**Contra D/ña.** CONCELLO DE O INCIO (LUGO)

**Abogado:** LETRADO DIPUTACION PROVINCIAL

#### EDICTO

En este órgano judicial se tramita PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015224 /2023 seguido a instancias de RED ELECTRICA DE ESPAÑA SAU contra CONCELLO DE O INCIO (LUGO) sobre ORDENANZA FISCAL TASA APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PUBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGIA ELECTRICA , GAS, AGUA E HIDROCARBUROS BOP LUGO 22-12-22 en los que, por Decreto de fecha 7.01.25 se ha acordado de conformidad con lo dispuesto en el art. 107.1 LJCA, la publicación del fallo de Sentencia firme estimatoria 635/24, de fecha 2-10-24 dictada por el TSJ de Galicia Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 4ª en el PO 15224/23, a fin de dar publicidad de su contenido, siendo del tenor literal siguiente:

#### “FALLO

Por todo lo expuesto, en nombre del Rey, por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha decidido:

1. Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Red Eléctrica de España, S.A.U” contra el acuerdo del Concello de O Incio, por el que se eleva a definitivo el inicial plenario que aprueba la Ordenanza Fiscal reguladora de la “tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local por instalaciones de transporte de la energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos”, publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo (BOP), número 291 de 22.12.2022, la cual anulamos por ser contraria a Derecho.

2. No hacer especial pronunciamiento en cuanto a las costas procesales.

Notifíquese la presente sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra ella puede interponerse recurso de casación ante la Sala Tercera del Tribunal Supremo. Dicho recurso habrá de prepararse ante la Sala de instancia en el plazo de treinta días, contados desde el siguiente al de la notificación de la resolución que se recurre, en escrito en el que, dando cumplimiento a los requisitos del artículo 89 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso- Administrativa , se tome en consideración lo dispuesto en el punto III del Acuerdo de la Sala de Gobierno del Tribunal Supremo de fecha 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima y otras condiciones extrínsecas de los escritos procesales referidos al recurso de casación (B.O.E. del 6 de julio de 2016).

Así se acuerda y firma

Notifíquese la presente sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra ella puede interponerse recurso de casación ante la Sala Tercera del Tribunal Supremo. Si el recurso de casación se fundare en infracción de normas emanadas de la Comunidad Autónoma, el recurso se interpondrá ante la Sección especial de la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, prevista en el artículo 86.3 LJCA.

En ambos casos, el recurso habrá de prepararse ante la Sala de instancia en el plazo de treinta días, contados desde el siguiente al de la notificación de la resolución que se recurre, y se hará en escrito en el que, dando cumplimiento a los requisitos del artículo 89 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, se tome en consideración lo dispuesto en el punto III del Acuerdo de la Sala de Gobierno del Tribunal Supremo de fecha 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima y otras condiciones extrínsecas de los escritos procesales referidos al recurso de casación (B.O.E. del 6 de julio de 2016).

Así lo acordamos y firmamos.”

A CORUÑA, siete de enero de dos mil veinticinco.- EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,  
Maria del Pilar Cancela Ramirez de Arellano.

R. 0097

---